

**PREGUNTAS FRECUENTES ALUMNADO DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS,**  
**ERASMUS CURSO 2023-24:**

- **A quen van dirixidos os proxectos KA121 e KA131?**  
O KA121 maiormente ao alumnado de ciclos de grao medio e o KA131 aos de grao superior.
- **Cándo se pode facer o gasto en transporte, aloxamento, manutención, seguros, etc?**  
Non se pode facer ningún gasto ata que a Consellería aprobe a mobilidade do alumnado. Os vosos titores mediante a coordinación de programas internacionais do noso CIFP serán quen de facilitarvos esta información.
- **Que ocorre se un alumno seleccionado para o KA121 ou KA131 suspende ou non pode facer a FCT?**  
A praza non se garda. Se o alumno/a non aproba ou non pode facer a FCT ten que presentar a renuncia.
- **É necesario xustificar todo con facturas para os gastos realizados?**  
Non e necesario que o alumnado xustifique a axuda individual con facturas. Coa documentación ERASMUS+ (convenios, learning agreement, etc) é suficiente.
- **É necesario facer algún tipo de seguro para asistir a este tipo de mobilidades?**  
Sí, seguro complementario, de accidentes e responsabilidade civil para toda a duración da mobilidade.
- **É necesario que este seguro cubra as horas da estancia na empresa de FCT?**  
Non, só sería necesario nos casos de mobilidades de postitulación.
- **Qué documentación é necesaria que o alumnado entregue e presente antes da mobilidade?**  
Esta documentación será entregada aos respectivos titores 5 días antes da mobilidade, a non presentación desta documentación significará que o alumnado renuncia a súa mobilidade:
- Copia do DNI, NIE ou pasaporte se fora necesario para o país de acollida.
  - Copia da Tarxeta Sanitaria Europea.
  - Copia do seguro suplementario, de accidentes e responsabilidade civil para toda a duración da mobilidade.
- **Quén xestiona e tramita as viaxes e aloxamento das mobilidades?**  
O propio alumnado.
- **Quén convoca, marca os prazos e xestiona as convocatorias das mobilidades?**  
A Consellería de Educación.
- **Quén é de tramitar a documentación necesaria para as mobilidades de Erasmus+?**  
Os titores mediante a Aula Virtual do CIFP.
- **Qué destinos e empresas temos dispoñibles para facer as mobilidades?**  
Os vosos titores deberán de ter esa información
- **Cal é a habitual documentación necesaria inicial para formalizar as mobilidades?**
- Solicitude do alumnado asinada co país de destino.
  - Compromiso de realización de viaxe ecolóxica, de ser o caso.

- Expediente académico coa nota media obtida polo/a estudante no primeiro ou cursos do ciclo formativo. Non se poderá ter ningún módulo pendente do primeiro curso nin con PD no presente curso.
- Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo. Certificado.
- Competencias persoais e actitudes: informe do equipo docente elaborado polo titor/a. No caso de Ciclos Superiores, entrevista persoal.
- Certificado bancario da conta do estudante.
- CV formato europass do estudante (é totalmente gratuito).

➔ **As axudas de FCT son compatibles coas becas de mobilidades erasmus?**

Só para ciclos superiores e cando sexan convocadas, o alumnado solicitará estas axudas.

➔ **Poden acceder ás axudas de Erasmus+ o alumnado con pendentes do primeiro curso ou con PD en algún módulo de presente curso?**

Non.

➔ **Cáles son os criterios de selección para o alumnado?**

A selección do alumnado realizarase en cada centro educativo de acordo aos seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.

Nota media inferior a 6: 1 punto.

Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.

Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.

Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.

2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):

Certificación de nivel B1: 1 punto.

Certificación de nivel B2: 2 puntos.

Certificación de nivel C1: 3 puntos.

Certificación de nivel C2: 4 puntos.

3. Competencias persoais para grao medio (máximo 4 puntos):

Valoraranse as competencias persoais do alumnado de cara a garantir o máximo aproveitamento das mobilidades realizadas. Para esta valoración teranse en conta as consideracións realizadas polo equipo docente da persoa solicitante.

Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para poder ser seleccionado/a.

3. Entrevista persoal, para grao superior (máximo 4 puntos):

.- A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.

.- De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.

.- Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para poder ser seleccionado/a.

4. Persoas participantes con menos oportunidades (máximo 2 puntos).

Valorarase a aquelas persoas solicitantes que por motivos económicos, sociais, culturais, xeográficos ou de saúde, pola súa orixe inmigrante, ou por razóns tales como a discapacidade ou as dificultades de aprendizaxe, ou por calquera outras razóns, en particular as que poderían orixinar unha discriminación, enfróntanse a obstáculos que lle impidan acceder de maneira efectiva ás oportunidades que ofrece Erasmus+.

#### 5. Criterios de desempate.

No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:

1º- Ás persoas solicitantes con menos oportunidades.

2º- Ás persoas solicitantes que nunca participaran en mobilidades do Programa Erasmus+.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.

#### → **Qué requisitos deben de cumprir o alumnado menor de idade?**

Para viaxar, os seus titores legais teñen que asinar unha autorización formalizándoa na Garda Civil ou na Comisaría de policía Nacional, ter DNI, é aconsellable pasaporte por se perden DNI. Os convenios de autorización asinados polos seus titores legais, deberán ser entregados aos seus respectivos titores do CIEP.

#### → **Qué obrigas ten o alumnado co programa erasmus+ e o módulo de FCT?**

- .- Cumprimentar e tramitar toda a documentación que lle sexa requirida.
- .- Realizar o curso de idioma correspondente, OLS, e realizar a proba de nivel inicial e final.
- .- Cubrir a enquisa final da mobilidade e mandar copia desta enquisa ao seu titor/a.
- .- Estar receptivos e participar en todas as convocatorias de reunión que convoque a titoría.
- .- Enviar, escaneada, semanal ou quincenalmente a folla de actividades debidamente cumprimentada e asinada ao email da titoría.
- .- Todos os requisitos ou tarefas que a titoría lle encomende.